

ECONOMÍA. OS SECTORES DE ACTIVIDADE

ACTIVIDADE3. Panorámica da economía galega: a industria

Obxectivos:

- ◆ Analizar a importancia económica da construción en Galicia.
- ◆ Coñecer o crecemento económico deste sector.
- ◆ Coñecer o tecido empresarial galego dedicado á construción.
- ◆ Estudar a evolución da ocupación no sector da construción.
- ◆ Distribuír os traballadores da construción por concellos.
- ◆ Coñecer a evolución da actividade da construción e rehabilitación de edificios.
- ◆ Analizar a evolución do prezo da vivenda libre e protexida.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar mapas.

Cuestións a resolver:

- 1) ¿Cal é o valor engadido bruto da construción?
- 2) ¿Que porcentaxe representa sobre o PIB?.....(%)
- 3) ¿Canto medrou/baixou o valor engadido bruto deste sector no último ano?
 - En termos correntes.....(%)
 - En índices de volume.....(%)
- 4) ¿Cantas empresas teñen a súa sede social en Galicia con actividade principal a construción?
- 5) ¿Que porcentaxe de ocupados traballaba na construción no ano 1980?.....(%)
 - ¿E na actualidade?.....(%)
- 6) Elabora unha gráfica de liñas coa evolución do número de ocupados na construción.

- 7) No teu concello ¿que porcentaxe afiliados traballa na construción?.....(%)
- 8) Elabora unha gráfica de liñas coa evolución do número de vivendas a crear de nova planta.
- 9) ¿Canto se incrementaron/baixaron os prezos da vivenda libre no último trimestre?.....(%)
¿E no último ano?..... (%)